

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA II PREMIO DE ENSAIO FILOSÓFICO

En sesión celebrada no IES LUCUS AUGUSTI o 30/04/2021 reúnese o xurado do II Premio de Ensaio Filosófico, composto por profesorado dos Departamentos de Filosofía e Orientación, representación do alumnado e redactores da revista colaboradora “Hechos Mínimos”.

Tras constatar a calidade dos 6 traballos presentados, o xurado decide fallar os seguintes premios:

PRIMEIRO PREMIO: para “Libertad y/o seguridad”, presentado por Dulce Aleida Sosa Peralta, alumna de 2º Bach G.

O xurado salienta a visión persoal ofrecida neste traballo, con madurez reflexiva, profundidade de ideas e corrección formal. Nel se sostén con claridade unha tese, a subxectividade da liberadade, que se apoia en consideracións moi atinadas sobre o carácter social humano, a existencia de autoridade política e a construción progresiva de criterios persoais, con alusións certas a conceptos psicoanalíticos e á situación actual de pandemia. Felicítamos á autora polo resultado acadado.

SEGUNDO PREMIO: para (escrito sen título) presentado por Jennifer Díaz Pérez, alumna de 2º Bach E, que consegue unir a reflexión sobre os conceptos propostos coa apelación a experiencias propias, cun tono persoal que non descoida a corrección formal.

TERCEIRO PREMIO: para “Libertad”, presentado por Nuria González Muiña, alumna de 2º Bach G, un traballo de gran orixinalidade e sensibilidade, con abundantes referencias culturais usadas con bó criterio. O xurado quere deixar constancia da calidade do traballo, aínda que excedía os límites formais inicialmente propostos.

O xurado acorda facer MENCIÓN ESPECIAL ao traballo “A caverna de Cabárceno” presentado por Claudia Rico Echegaray, alumna de 2º Bach E, pola súa soltura no manexo de referencias filosóficas.

Non queremos deixar sen mencionar os traballos presentados por Laura Blanco Valcárcel e Diego Castro Díaz, que se axustaban perfectamente ao requerido sin desmerecer dos anteriores. A todas e todos eles queremos expresarlles o noso agradecemento e, sobre todo, animalas a seguir coa afición á escrita reflexiva e creativa.

**Xurado do II Premio de Ensaio Filosófico
IES Lucus Augusti
Lugo, 30/IV/2021**